

GRECIA









4 milhões de anos	Do 9000 a.C. ao 4000 a.C.	3500 a.C. 3000 a.C.	3000 a.C. 2500 a.C.	2500 a.C. 2000 a.C.	2000 a.C. 1500 a.C.	1500 a.C. 1000 a.C.	1000 a.C. 500 a.C.	500 a.C. 1 d.C.	1 d.C. 500 d.C.
IDADE DE PEDRA		IDADE DOS METAIS							
PALEOLÍTICO¹		NEOLÍTICO		IDADE DE COBRE		IDADE DE BRONZE		IDADE DE FERRO²	
<p>O Homo Habilis TALLA a pedra¹ (desde hai uns 2 millóns de anos) CAZADORES - RECOLECTORES NÓMADES</p>		<p>O Homo Sapiens FULE a pedra. ADICULTURA - GANDEIRÍA SEDENTARIOS no "crecente fértil": Mesopotamia e Egipto</p>		<p>MEGALITISMO Desde fins do Neolítico a 1400 a.C. No momento en que o home se fai sedentario constrúe monumentos megalíticos. Este fenómeno dáse por toda Europa.</p>				<p>CULTURA CASTREXA No noroeste da Península Ibérica. Desde fins da Idade de Bronce ata a chegada dos romanos.</p>	
Nesta etapa, hai pobos que coñecen a escritura e entran na HISTORIA:									
				<p>MESOPOTAMIA (3500 a.C. - 539 a.C.)</p>					
				<p>EXIPTO (3100 a.C. - 30 a.C.)</p>					
						<p>ROMA. (753 a.C. - 476 d.C.)</p>			
						<p>GRECIA 756 a.C.-30 a.C.</p>			
4 milhões de anos		9000 a.C. a 4000 a.C.		3500 a.C.-3000 a.C.		3000 a.C.-2500 a.C.		2500 a.C.-2000 a.C.	
								1500 a.C.-1000 a.C.	
								1000 a.C.-500 a.C.	
								500 a.C.-1 d.C.	
								1 d.C.-500 d.C.	
Neste tramo, cada cuadro pequeno corresponde a 100 anos.									

- Consulta o tema “A CIVILIZACIÓN GREGA”, en <https://viaxeaitaca.net/Unidades/1ESO/EspWebHist1ESO/EspWebHist1ESO.htmiaxeaitaca.net>
- Repara nos vídeos sobre Grecia que tes no “Taboleiro”: <https://padlet.com/anasecorosa/taboleiro-p1u0xgsgyhou>

Sitúa, nunha liña do tempo:

- Civilización minoica. Idade de Cobre e Idade de Bronce na illa de Creta.
- Civilización micénica. Último período da Idade de Bronce na Grecia continental.
- Etapas civilización grega:
 Época arcaica. Séc. VIII – VI a.C. (desde ano 776 a.C., primeira Olimpíada ata o 499 a.C.)
 Época clásica, Séc. V -IV a.C. : 498-338 a. C.
 Época helenística. Séc. IV – III a.C.: 338 – 30 a.C.
- Guerras Médicas (500 – 479 a.C.).
- Guerra do Peloponeso (431 – 404 a.C.).

3500 a.C. 3000 a.C.	3000 a.C. 2500 a.C.	2500 a.C. 2000 a.C.	2000 a.C. 1500 a.C.	1500 a.C. 1000 a.C.	1000 a.C. 500 a.C.	500 a.C. 1 d.C.	1 d.C. 500 d.C.	
IDADE DOS METAIS								
IDADE DE COBRE			IDADE DE BRONCE		IDADE DE FERRO^{II}			
MEGALITISMO Desde fins do Neolítico a 1400 a.C. No momento en que o home se fai sedentario constrúe monumentos megalíticos. Este fenómeno dáse por toda Europa.					CULTURA CASTREXA No noroeste da Península Ibérica, Desde fins da Idade de Bronce ata a chegada dos romanos.			
Nesta etapa, hai pobos que coñecen a escritura e entran na HISTORIA:								
MESOPOTAMIA (3500 a.C. – 539 a.C.)								
EXIPTO (3100 a.C. – 30 a.C.)								
						IMPERIO ROMANO (753 a.C. – 476 d.C.)		
						GRECIA 756 a.C.- 30 a.C.		
3500 a.C.- 3000 a.C.	3000 a.C.- 2500 a.C.	2500 a.C.- 2000 a.C.	2000 a.C.- 1500 a.C.	1500 a.C.- 1000 a.C.	1000 a.C.-500 a.C.	500 a.C.-1 d.C.	1 d.C.-500 d.C	

1. ONDE SE SITUABA O TERRITORIO QUE OS ANTIGUOS GREGOS CHAMARON HÉLADE? EXPLÍCAO, TENDO EN CONTA O MAPA.



No Mediterráneo Occidental atopamos o territorio que os antigos gregos chamaron Hélade. Para situarte, localiza a illa de Creta no Mediterráneo e compara o mapa da Grecia antiga (Hélade) co da Grecia actual:



2. QUE DOUS FACTORES (XEOGRÁFICOS) FORON DETERMINANTES PARA O DESEÑO DA CIVILIZACIÓN GREGA?

a) Un clima seco e caluroso e un relevo montañoso. Isto vai dificultar as comunicacións, favorecendo o nacemento das polis (as polis son cidades-estado independentes, illadas entre si).

b) A importancia que ten o mar: todos os puntos do territorio grego están preto da costa, o que vai favorecer a navegación e o comercio marítimo con outros pobos do Mediterráneo.

3. INVESTIGA... <https://es.wikipedia.org/wiki/Grecia> Que foi a civilización minoica? E a micénica?

a) Civilización minoica. A civilización minoica é unha cultura da Idade dos Metais (Idade de Cobre e Idade de Bronce) aparecida na illa de Creta.

b) Civilización micénica: A civilización micénica desenrolouse no último período da Idade de Bronce na Grecia continental.

4. ETAPAS da civilización grega:

Época Arcaica	Séc. VIII – VI a.C.	As polis e as colonizacións
Época Clásica	Séc. V -IV a.C. : 498-338 a. C.	Etapa de maior esplendor das polis: Atenas e Esparta.
Época helenística	Séc. IV – III a.C.: 338 – 30 a.C.	Imperio de Alexandre Magno e dos reinos helenísticos.

5. ÉPOCA ARCAICA (S. VIII – VI A.C.): AS “POLIS” E AS COLONIZACIÓNS.

- Que eran as polis?

As polis eran cidades-estado independentes cuxo centro era a cidade. A cidade estaba rodeada por un territorio rural (aldeas, campos de cultivo, bosques, ...). Chegou a haber máis de 200 polis.

- Cales foron as polis máis importantes?

As máis coñecidas e importantes eran Atenas e Esparta.

- Explica as colonizacións: Causas da fundación de colonias. Consecuencia da fundación das colonias.

As colonias eran cidades fóra do territorio grego que tiñan carácter comercial e estaban en contacto coa metrópole (=polis de orixe).

Causas das colonizacións. Os gregos víronse na necesidade de fundar colonias a causa de:

- O aumento da poboación.
- Un desigual reparto das terras (a oligarquía (=aristocracia) tiña nas súas mans a maioría das terras).

Consecuencias. As colonizacións tiveron como consecuencia:

- Un gran desenvolvemento económico.
- Expansión da cultura grega por todo o Mediterráneo (a moeda, a arte, o alfabeto).



6. ÉPOCA CLÁSICA (S. V -IV A.C. : 498-338 A. C.): ETAPA DE ESPLENDOR DAS POLIS (ATENAS E ESPARTA).

Época Arcaica	Séc. VIII – VI a.C.	As polis e as colonizacións
Época Clásica	Séc. V -IV a.C. : 498-338 a. C.	Etapa de maior esplendor das polis: Atenas e Esparta.
Época helenística	Séc. IV – III a.C.: 338 – 30 a.C.	Imperio de Alexandre Magno e dos reinos helenísticos.

✓ AS POLIS E AS GUERRAS.

- Cales foron as polis máis importantes nesta etapa?
Esta é a etapa de esplendor das dúas polis máis importantes da Grecia Clásica: Atenas e Esparta.
- Que son as Guerras Médicas (500 – 479 a.C.)?
O imperio dos persas (tamén chamados medos) que tiña a súa orixe nas lonxanas terras de Mesopotamia, intentou conquistar o territorio da Hélade. Son as **Guerras Médicas**. As polis uníronse e venceron nas batallas de Maratón (490 a.C.) e Salamina (480 a.C.).
- Que foi a Guerra do Peloponeso (431 – 404 a.C.)?
As polis enfrontáronse entre si. Esparta saíu vencedora, pero a Hélade quedou debilitada, o que foi aproveitado polo rei Filipo de Macedonia (pai de Alexandre Magno), que acabou coa súa independencia.

✓ A SOCIEDADE DA ANTIGA GRECIA. Completa o cadro:

Libres	Cidadáns	Homes libres nados na polis que tiñan dereitos políticos; podían participar nas decisión de goberno. Eran terratenientes e comerciantes ricos. Eran unha minoría (un de cada dez habitantes das polis).
	Non cidadáns	Eran inmigrantes (estranxeiros) que non tiñan dereitos políticos, aínda que podían chegar a ser ricos artesáns ou comerciantes.
Escravos	Non tiñan ningún dereito e eran considerados como meras mercadorías.	



✓ A POLÍTICA EN ATENAS. A DEMOCRACIA.

- Que significa democracia? De onde vén a palabra democracia?
A palabra **democracia** ven do grego demos (pobo) e cracia (poder). Significa poder ou goberno do pobo. Era unha democracia moi restrinxida, coa participación dun 10% da poboación da polis só os “cidadáns”).
- Quen foi Pericles? Que reformas levou a cabo?
Foi un gobernante ateniense que levou a cabo reformas políticas.
- Cales eran as institución do sistema democrático en Atenas? (Non entra no exame).
Asemblea (Eclesia): formada por todos os cidadáns maiores de 18 anos.
Consello (Bulé): 500 membros maiores de 30 anos elexidos por sorteo anual.
Maxistrados: os gobernantes da polis.

✓ A POLÍTICA EN ESPARTA. A OLIGARQUÍA.

- Cal era o sistema de goberno de Esparta? Que función tiña o exército?
Esparta , como a maioría de polis gregas, adoptou un **sistema de goberno oligárquico**: o goberno dun reducido número de grandes propietarios de terras (terratenentes): os aristócratas (goberno dos mellores).

Esparta era unha sociedade militar, na que o exército tiña un papel determinante. Os nenos eran apartados da súas familias con 7 anos para ter unha disciplina e educación militares.

As institucións máis importantes eran (non entra no exame):
Consello de anciáns: actuaban como xuíces.
Asemblea: só ratificaba as decisión do consello.
5 maxistrados: os que gobernaban.
Diarquía: dous reis que só ostentaban o papel de xefes do exército.

✓ Que diferenzas fundamentais hai entre ESPARTA e ATENAS?

A diferenza fundamental é o sistema de goberno: Esparta é unha oligarquía e Atenas unha democracia.

7. ÉPOCA HELENÍSTICA (SÉC. IV – III A.C.: 338 – 30 A.C.): IMPERIO DE ALEXANDRE MAGNO E DOS REINOS HELENÍSTICOS.

Época Arcaica	Séc. VIII – VI a.C.	As polis e as colonizacións
Época Clásica	Séc. V -IV a.C. : 498-338 a. C.	Etapa de maior esplendor das polis: Atenas e Esparta.
Época helenística	Séc. IV – III a.C.: 338 – 30 a.C.	Imperio de Alexandre Magno e dos reinos helenísticos.

INVESTIGA... Quen foi Alexandre Magno? Que foron os “reinos helenísticos”?

Era o fillo de Filipo, rei de Macedonia (mira no punto 6, a guerra do Peloponeso).

O seu pai preparouno para reinar: deulle formación militar e encomendou a súa formación intelectual a Aristóteles.

O período helenístico é una etapa histórica que vai desde a morte de Alexandre Magno (323 a. C.) ao suicidio da última raíña helenística, Cleopatra de Exipto, e do seu amante Marco Antonio, tras a súa derrota na batalla de Accio (31 a. C.).

8. ARTE. Quen dixo “O HOME É A MEDIDA DE TODAS AS COUSAS “? Que significado ten esta frase?

O filósofo Protágoras (séc. V a.C.).



Esta frase fainos ver a importancia do humanismo na civilización grega, a importancia do home.

Os ideais de proporción, equilibrio, harmonía, beleza nacen aquí, na Hélade, hai máis de 2.500 anos.

9. ARTE: ARQUITECTURA GREGA.

- ✓ A arquitectura mesopotámica tivo dúas grandes aportacións: o arco e a bóveda. Pola contra, a arquitectura grega é adintelada. Que quere dicir isto? Cal foi o elemento sustentante? A arquitectura grega é adintelada, non usa nin arco nin bóveda; emprega como elemento sustentante a columna.
- ✓ Cal foi o EDIFICIO máis representativo da arquitectura grega? Cal é o exemplo máis destacado? O edificio máis representativo é o templo, entendido como a casa dos deuses: de aí que a función principal do templo era albergar a estatua do deus ou deusa ao que estaba adicado. O exemplo máis destacado de templo grego é o Partenón, na Acrópole de Atenas, adicado a Atenea.

- ✓ Indica as PARTES:



✓ Indica a que ORDE pertence cada columna:





10. A CULTURA EN GRECIA, BASE DA CIVILIZACIÓN OCCIDENTAL.

Investigación: Figuras e elementos da cultura, sociedade, política e artes en Grecia. Espazos.

Sitúa estes nomes, atendendo aos exemplos. Achega -se procede- unha ilustración de cada un deles.

Acrópole (cast. Acrópolis, inglés Acropolis).	Lugar (espazo)	Parte máis alta da polis grega.
Ágora	Lugar (espazo)	Praza da polis, onde se reunían os cidadáns.
Arquímedes	Matemático.	287 a. C.- 212 a. C. Autor do “Principio de Arquímedes”. Atribúeselle a frase: “Dádeme un punto de apoio e moverei o mundo”.



Continúa:

Alexandre O Grande (Alejandro Magno)	Rei	
Alexandría	Cidade	
Batalla das Termópilas	Batalla	
Batalla de Maratón		
Batalla de Salamina		
Biblioteca de Alexandría		
Demóstenes		
Deuses gregos		
Esquilo		
Estadio		
Euclides		
Eureka		
Eurípides		
Faro de Alexandría		
Fidias		
Foro		
Guerras do Peloponeso		

Guerra de Troia		
Heráclito		
Hipatia		
Homero		
Ilíada		
Ítaca		
Liga de Delos		
Macedonia		
Mirón		
Mitología		
Odisea		
Oráculo de Delfos		
Partenón		
Pericles		
Persepolis		
Pitágoras		

Platón		
Policleto		
Polis		
Praxíteles		
Safo de Lesbos		
Sócrates		
Sófocles		
Tales de Mileto		
Teatro		
Troia		
Ulises		
Xogos Olímpicos		
Zenodoto		